

RECURSOS

Na actualidade, hai dispoñibles moitos e moi diversos materiais didácticos destinados ao ensino e á aprendizaxe das linguas. Na súa utilización resulta imprescindible realizar unha selección baseada nos obxectivos e contidos da programación didáctica e no enfoque comunicativo.

Empregaremos, na medida do posible, recursos auténticos para mostrar situacións reais de uso da lingua. Por iso, botaremos man de material real en papel, textos audiovisuais (cine, documentais, publicidade, programas de radio ou tv, podcasts de temática variada...), material en rede ou colaboracións de persoas nativas da lingua, para crear situacións efectivas de aprendizaxe. Así, construiremos as unidades didácticas con material propio ou elaborado para a aprendizaxe. E para isto, empregaremos diferentes libros de texto, manuais de destrezas específicas ou materiais auténticos adaptados ou orixinais.

1. Humanos

Nestros curso, o cadro de persoal docente do noso departamento está formado por:

- Marta Hernández Fernández, docente responsable do nivel básico A1-A2 e que imparte o curso IT-A1-A2-3, luns e xoves de 19 a 21 h. É tamén a secretaria da escola.
- Berta M^a Santiago Lago, docente responsable dos niveis intermedio B1 e intermedio B2.1 e B2.2 e que imparte os seguintes grupos:

IT-B1-1: martes e venres de 10 a 12 h

IT-B1-2: martes e xoves de 19 a 21 h

IT-B2.1-1: luns e mércores de 18 a 20 h

IT-B2.2-1: luns e mércores de 16 a 18 h

É tamén a coordinadora de actividades culturais do departamento.

- Rut Vázquez González, docente responsable dos niveis básico A1-A2 e avanzado C1.1 e que imparte os seguintes grupos:

IT-A1-A2-1: mércores e venres de 9:30 a 11:30 h

IT-A1-A2-2: martes e xoves de 16 a 18 h

IT-C1.1-1: luns e xoves de 18 a 20 h

É a xefa de departamento e coordina as tarefas relativas ás probas de certificación.

O departamento ata agora non contou cunha asistente lingüística porque o Italiano estaba fóra dos convenios internacionais bilaterais polos que chegan estes docentes auxiliares. De aí que o noso departamento realice actividades mensuais con especialistas italianas. Neste curso, o departamento analizará as posibilidades de contar cunha asistente lingüística a través do contacto con universidades italianas, programas europeos e nacionais, apoiándonos na asesoría de proxectos europeos da Consellería. Porén continuaremos a desenvolver actividades extraescolares con persoas italianas.

2. Físicos

Os grupos de italiano contan con novas aulas, recién construídas coa reforma de ampliación da escola. Nestes novos espazos a equipación é moi completa tanto no relativo ao mobiliario: pupitres, armario-estantería, mesa do docente, taboleiro, encerado branco...), como na equipación técnica: ordenador portátil, proxector, reproductor de audio CD-MP3, megafonía con panel ecualizador, conectores auxiliares para entrada de micro e saída doutros dispositivos, encerado dixital. Ademais, estas aulas dispoñen dunha boa situación (a carón da biblioteca e da aula multimedia) de fácil accesibilidade (a res do chan), boa orientación, luminosidade e boa acústica porén cómpre engadir puntos de luz na zona da mesa das docentes e do encerado dixital. Estes espazos contribúen á creación dunha atmósfera cómoda e relaxada que favorece a aprendizaxe.

Nas aulas dos cursos contamos ademais con materiais de aprendizaxe: dicionarios en papel, gramáticas, libros de consulta, revistas e publicacións periódicas e pequenas bibliotecas para o traballo na aula, así como a promoción da lectura entre o alumnado.

O departamento de Italiano dispón dunha variedade de recursos para aprendizaxe e a didáctica: libros de texto, métodos de destrezas, manuais de consulta, libros sobre a cultura italiana, folletos turísticos, documentos reais (publicidade varia, documento postais, fanzines, posters, calendarios...), material audiovisual, mapas, recursos dixitais e materiais didácticos realizados ao longo dos anos polo profesorado.

Na biblioteca da escola o alumnado de Italiano dispón dunha variedade de materiais útiles para a autoaprendizaxe: lecturas adaptadas e non adaptadas, ensaios, libros de

consulta (arte, historia, música, ciencias, diccionarios), banda deseñada, guías de viaxe, de traballos manuais, libros de texto, audiolibros, atlas históricos e xeográficos, receitas e unha pequena biblioteca de cine e audiovisual contemporáneo con obras dalgúns dos autores máis representativos.

A aula multimedia da escola dispón dun amplo equipamento para desenvolver actividades en liña, de autoaprendizaxe ou de prácticas en grupo co alumnado.

O departamento ten sempre en conta as actividades desenvoltas en italiano ou por persoas italianas na cidade ou en lugares próximos para organizar saídas culturais co alumnado ou promover a súa participación nelas. Así mesmo, se hai posibilidade ao longo do curso e contando coa autoxestión do alumnado, poderase organizar unha viaxe a Italia aproveitando períodos de vacacións ou festividadeas no calendario escolar.

3. Materiais

As docentes do departamento irán seleccionando os recursos pertinentes entre os que se describen:

- Libros de texto: non se fixaron en ningún nivel para este curso. Porén as docentes empregaremos algúns manuais de referencia para a elaboración das unidades didácticas dos cursos:
- Encerados dixitais e libros dixitais dalgúns dos materiais citados enriba
- Contornas e comunidades virtuais: grupos de correo-electrónico, espazos dixitais virtuais dos grupos, blogs do alumnado
- Fragmentos de series / películas e música como material real
- Dicionarios, material de consulta ou de lectura, audiovisuais e outros
- Aplicacións tecnolóxicas para aprendizaxe, recursos en liña e repositorios que se irán fixando ao longo do curso
- Subscricións a revistas, xornais e recursos en liña
- Materiais creados polo profesorado do departamento
- Materiais existentes no centro á disposición do alumnado e do profesorado: na biblioteca e na aula multimedia.